

CONCELLO DE TRABADA

SEPARATA N. 03



ÍNDICE

1.	DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO	1
1.1.	DESCRICIÓN DA PROPOSTA	1
1.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO	1
1.2.1.	O CAMIÑO NA CARTOGRAFÍA HISTÓRICA.....	2
1.2.2.	PROPOSTAS ANTERIORES DE TRAZADO.....	4
2.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL.....	4
3.	DESCRICIÓN E CRITERIOS DE PROTECCIÓN DO ÁMBITO DO TERRITORIO HISTÓRICO	5
4.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO	5
5.	ANEXO FOTOGRÁFICO	6
6.	ANEXO PLANOS.....	15

1. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

1.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

O trazado proposto é parte dunha ruta totalmente terrestre que viña dende Asturias, atravesando o río Eo pola ponte de Abres, e levaba a Mondoñedo, lugar no que se unía co camiño que viña de Ribadeo pasando por Lourenzá.

Esta ruta percorre o territorio do concello de Trabada, pasando polo seu núcleo urbano, atravesando a Serra da Cadeira e continúa a través do Val de Louranzá, polas parroquias de Santo Adrao e San Tomé de Lourenzá. Xa no termo municipal de Mondoñedo pasa por Lindín e entra en Mondoñedo pola Ponte do Pasatempo.

O trazado do Camiño de Santiago Norte no concello de Trabada transcorre polas parroquias de Santiago da Ría de Abres, San Xiao de Sante e Santa María de Trabada.

Tramo Abres-Trabada

O camiño que ven de Abres atravesando o río Eo pola ponte que une Abres con Pedrido, xa en territorio galego, e segue durante trescentos oitenta metros o trazado da estrada Vegadeo-Vilagarcía de Arousa N-640 en dirección suroeste. Antes de chegar ao núcleo da Rabexa o trazado abandona a N-640, collendo unha pista á dereita que leva ao lugar de Rielo, continúa pola pista atravesando un bosque con plantacións de piñeiros e eucaliptos ata chegar ao núcleo de A Retorta, seguindo un trazado paralelo ao do rego de Sante que percorre a zona mas baixa do monte en dirección ao Eo. Tras pasar A Retorta o camiño segue pola mesma pista que continúa paralela ao rego de Sante unindo os lugares de Loureiro, Carballal, Lousada, A Igrexa (San Xiao de Sante) e que, tras atravesar unha zona de bosque de eucaliptos, leva ao núcleo de Dongo.

Pasado Dongo, á altura de Pradoselle, o trazado se desvía da estrada para tomar un camiño de terra á dereita en dirección noroeste. O camiño segue a liña que define o límite entre o bosque de eucaliptos e os terreos de cultivo situados entre O Pedregal e Dongo, en dirección ao núcleo do Castro. Despois de percorridos novecentos metros, o trazado desvíase do camiño que leva ao Castro, para tomar outro camiño á esquerda que bordea polo suroeste o Castro de Sante, continuando cara ao norte ata chegar ás Lamas. Neste tramo o camiño atravesando zonas ocupadas por bosques de eucaliptos, abríndose puntualmente vistas cara ao fondo do val, percorrido polo rego de Vidal.

Entre as lamas e a estrada LU-132, o Camiño percorre un treito de case dous quilómetros xunto ao rego de Vidal, sinalando o límite entre as plantacións de eucalipto que cobren as ladeiras dos montes da Peleira e Momeán e a espesa vexetación de ribeira que crece a ambos lados do rego.

Unha vez chegado á estrada LU-123, o trazado segue pola beiravía durante uns setenta metros, a continuación toma un camiño a esquerda, que conduce ao lugar de A Pena Cova, pero corenta metros mais adiante desvíase de novo por outro camiño de terra en dirección suroeste. Este camiño vai paralelo á estrada LU-123 ao outro lado do rego do Navallo, para volver a ela un quilómetro e medio mais adiante.

O percorrido segue pola estrada LU-123, desviándose puntualmente pasar xunto ao núcleo de Soenlle, e continúa ata chegar a Trabada, despois dun percorrido de mil seiscientos metros.

Tramo Trabada – Serra da Cadeira

O Camiño atravesando Trabada seguindo as rúas do Concello e da Escola. Antes de chegar á zona escolar, o trazado se desvía por unha pista asfaltada á dereita que, tras atravesar o rego de Trabada vai en dirección oeste, pasando entre os núcleos de As Lóngaras e Redondo, ao norte e a Escanarega, ao sur. Un

seiscientos metros mais adiante volve a desviarse por outra pista a man esquerda, para despois de percorrer cento sesenta metros seguir por outra que atravesa o núcleo de A Ribela.

Mais adiante pasa xunto á Ermida de Santo Estevo e o núcleo do mesmo nome. Despois de atravesar en dúas ocasións o rego de trabada, o trazado se desvía cara ao sur por un camiño que leva ao núcleo de A Traba. Pasado o núcleo o camiño inicia a ascensión á Serra da Cadeira. Despois de percorridos mil oitocentos metros o camiño chega ao límite co termo municipal de Lourenzá, no alto do monte denominado Os Cornos.

Trazado con vestixios históricos Sante – As Lamas

Xunto á igrexa de San Xiao de Sante se iniciaba un camiño que chegaba ata o lugar de As Lamas o trazado deste camiño é identificable sobre as fotografías históricas do voo do ano 1956, sen embargo na actualidade encontrábase perdido case o toda a súa totalidade ao ter sido a zona obxecto dunha concentración parcelaria. O antigo trazado se incorpora como trazado con vestixios históricos.

Trazado con vestixios históricos Soenlle - Trabada

Douscentos cincuenta metros despois de Soenlle iniciase un trazado con vestixios históricos que vai polo norte da estrada LU-123 ata Foxos, e continúa en dirección noroeste para continuar describindo unha curva paralela á rúa Vilafernando a unha cota superior. Este camiño entra en Trabada pola rúa Joaquín Velasco, bordeando o Castro, deixa ao norte á Igrexa de Santa María e continúa pola Praza Tombo. O trazado continuaba entre dúas casas situadas no extremo oeste da rúa Praza Tombo, e seguía cara ao sur atravesando a actual estrada LU-123 (rúa Concello) ata chegar á rúa da Escola. A pegada do antigo tramo do camiño conservase na súa meirande parte na actualidade, sendo tamén identificable sobre as fotografías do voo do ano 1956 e nas formas do parcelario. Algunhas partes deste antigo trazado seguen sendo de titularidade pública na actualidade.

Trazado con vestixios históricos en O Porto do Malle

No lugar de O Porto do Malle, na parroquia de Santa María de Trabada, hai un tramo do antigo trazado do camiño, de aproximadamente douscentos metros de lonxitude, que se atopa no interior dun terreo de propiedade privada. O trazado segue sendo claramente identificable sobre o terreo na actualidade.

Trazado con vestixios históricos en A Trapa


No lugar de A Trapa, na parroquia de Santa María de Trabada, hai un antigo trazado, duns cento vinte metros de lonxitude, que atravesa o núcleo. Este tramo de camiño se conserva na actualidade pero se atopa no interior dunha parcela de titularidade privada.

Trazado con vestixios históricos entre a Trapa e a Serra da Cadeira

O trazado, que pode distinguirse con claridade sobre a fotografía aérea do ano 1956, percorre uns oitocentos metros do treito entre a Trapa e o alto da Serra da Cadeira.

1.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO

A proposta de trazado do camiño parte das informacións históricas sobre as rutas utilizados polos peregrinos que arribaban aos portos cantábricos e seguían o camiño a pé cara a Santiago de Compostela. Entre as varias descrições do camiño realizadas por peregrinos a través da historia a que refire con maior detalle o trazado do camiño Norte é a realizada polo peregrino francés Jean Pierre Racq, que fixo a súa viaxe a Santiago no ano 1790. No seu texto se indica o paso polos seguintes lugares identificables na cartografía histórica: Ribadeo, Mondoñedo, Vilalba, Parga, Grixalba, San Bartolomé de la Mota e Sta. Igrexa (quizá unha referencia as dúas igrexas de Sabugueira xunto a A Lavacolla). As referencias ás




Mapa Xeográfico do Reino de Galicia de Tomás López (1784)

Plano de Lugo de Francisco Coello y Pascual Madoz (1864)

No plano de Lugo de Francisco Coello e Pascual Madoz do ano 1864 figura o camiño nas inmediacións de Abres que percorre a marxe esquerda do río Eo ata Porto, e que ten continuidade con outro camiño de maior entidade que chega a Ribadeo. Á altura de Santiago de Abres o camiño se desvía do curso do río Eo en dirección oeste. O trazado recollido no plano pasa por Sante, Barreiros, Trabada, A Trapa e Vilar, tras atravesar a Serra da Cadeira, o trazado segue polo Val de Lourenzá, pasando por San Adrián de Lourenzá e Santo Tomé de Lourenzá. Cruza os montes que limitan o val polo leste, seguindo o curso do rego de Baus, seguindo por Lindín ata Mondoñedo.

Aínda que sen conexión co camiño indicado, no plano figura, ao igual que no de José Cornide, a ponte sobre o río Eo ao norte de San Tirso de Abres.



Plano de Lugo de Francisco Coello e Pascual Madoz (1864)

Carta Geométrica de Galicia de Domingo Fontán (1845)

Nas planos de Domingo Fontan figura tamén a ponte para o paso do Eo en Abres, sen embargo non aparece debuxado o trazado do camiño que pasando por Sante e Trabada chegaba a Mondoñedo. No plano aparece un trazado que une Porto con Vilanova de Lourenzá, pasando por Vilafernando, sobre este trazado aparece a indicación "proyectada" o que indica que se trata de unha nova vía aínda non construída na data de realización do Plano de Fontán.




Carta Geométrica de Galicia de Domingo Fontán (1845)

1.2.2. PROPOSTAS ANTERIORES DE TRAZADO

Camiño Abres - Mondoñedo

A recuperación do antigo trazado entre Abres e Mondoñedo supón unha importante variación respecto ao trazado actualmente sinalizado pola Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, que une Abres con Lourenzá. O trazado proposto trátase na súa meirande parte dun trazado novo, coincidindo unicamente co trazado actualmente en uso no seu primeiro tramo, na contorna do núcleo de Sante, e na zona na que se sitúa o núcleo urbano de Trabada.



Variación do trazado do Camiño respecto ao trazado da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo entre Abres e Mondoñedo

Trazado do Camiño — Trazado S. A. de Xestión do Plan Xacobeo —

2. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO E CALIDADE AMBIENTAL

Plano de calidade ambiental do Camiño

No seguinte plano representase mediante un código de cores a avaliación da calidade ambiental de cada un dos tramos do Camiño. Os factores que se tiveron en conta para a realización de dita avaliación foron: a calidade da paisaxe inmediato ao Camiño; a percepción que dende el se ten da paisaxe afastada e o seu nivel de calidade; o arborado e a vexetación vinculada ao Camiño; a calidade das edificacións do seu entorno; o grado de conservación da configuración tradicional da traza e por último a existencia de elementos ou circunstancias que poidan supoñer un impacto sobre o Camiño ou a súa contorna.



Valoración da calidade ambiental do Camiño no Concello de Trabada

- Moi Boa
- Boa
- Media
- Mala
- Moi mala

3. DESCRICIÓN E CRITERIOS DE PROTECCIÓN DO ÁMBITO DO TERRITORIO HISTÓRICO

Os criterios para a delimitación do ámbito do territorio histórico do Camiño de Santiago Norte baséanse na necesidade de protexer os elementos vinculados ao Camiño no seu entorno máis próximo. Os valos e noiros que definen os seus límites; a vexetación vinculada ao Camiño: aliñacións de árbores, bosques autóctonos; os sistemas de cultivos: agras, prados, cos elementos a eles asociados: socalcos, valos, noiros; as construcións tradicionais: vivendas, hórreos, paleiras e construcións adxectivas en xeral, capelas, igrexas, muíños, etc.; os espazos públicos vinculados ao Camiño: espazos comunitarios dos núcleos, campos da festa, carballeiras, atrios das igrexas e, en xeral, calquera outro elemento de valor relacionado coa traza do Camiño. Por outra banda esta delimitación ten por obxecto a protección da paisaxe inmediato ao Camiño e das vistas sobre a paisaxe máis afastado.

Para a realización da delimitación pátense dunha banda a cada lado do Camiño dun ancho mínimo de cen metros que se adapta en función dos elementos a protexer. A delimitación pode verse incrementada para englobalas áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao Camiño, as delimitacións dos núcleos de poboación polos que pasa ou que se atopan na súa contorna inmediata, e para incrementar a protección de determinadas zonas de interese ambiental, natural ou paisaxístico. Puntualmente en función das características do parcelario ou das edificacións situadas á beira do camiño a delimitación do ámbito de protección pode ter zonas máis estreitas, pero estas sempre terán un ancho superior ao da franxa de trinta metros de protección do contorno definida pola Lei 3/1996 de Protección dos Camiños de Santiago.

Co obxecto de que o perímetro do ámbito do territorio histórico sexa identificable de xeito sinxelo sobre o terreo, este sempre segue as liñas reflectidas nos planos do catastro: límites das parcelas, límites de estradas ou camiños, cursos fluviais, etc. Cando as características do parcelario non fan posible este tipo de delimitación utilízanse liñas que unen elementos identificables sobre o terreo, por exemplo a liña trazada entre dúas esquinas dos peches de fincas.

No concello de Trabada o ámbito do territorio histórico abarca partes do territorio das parroquias polas que pasa o Camiño: Santiago da Ría de Abres, San Xiao de Sante e Santa María de Trabada.

Tramo Abres - Trabada

No tramo entre Abres e Trabada a delimitación inclúe as primeiras parcelas situadas a cada lado do camiño co obxecto de protexer as súas características ambientais e as vistas que se teñen desde el da paisaxe circundante.

A delimitación inclúe os núcleos de A Retorta, Leiro, Carballal, Lousada e Sante (A Igrexa). Despois de Sante á delimitación se amplía para incorporar o trazado con vestixios históricos entre Sante e As Lamas e o ámbito de protección do Castro de Sante. Dentro deste tramo se inclúen tamén os núcleos de O Pedregal, O Castro, As Lamas e Pena Cova.

Despois de percorrer un longo traxecto xuto a río de Sante, no que a delimitación ten por obxecto a protección dos valores naturais do río e da súa vexetación de ribeira, o camiño chega ao núcleo de O Chao do Sevil, que queda así mesmo incorporado ao ámbito de protección. A continuación inclúese o núcleo de Soenlle. Entre Soenlle e Trabada queda comprendido dentro do ámbito de protección o trazado con vestixios históricos que cruzaba Trabada seguindo un trazado situado ao norte da actual estrada (LU-132).

A delimitación inclúe a totalidade do núcleo urbano e o perímetro de protección do Castro de Trabada, situado sobre o núcleo.

Tramo Trabada – Serra da Cadeira

Entre Trabada e A Serra da Cadeira a delimitación inclúe os núcleos de O Río, A Escanarega, As Lógaras, Redondo, O Porto de Malle, A Ribela, Santo Estevo, A Penela, A Cachopa e A Trapa. O obxecto da delimitación é manter as características da paisaxe agraria do val que percorre o camiño.

A partir de A Trapa o trazado vai por zonas de bosque, no que dominan as plantacións de eucalipto. Nesta zona se amplía o ámbito da delimitación para englobar o a trazado con vestixios históricos de case oitocentos metros que percorría o cume do monte.

4. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO

Elementos patrimoniais dentro do ámbito do territorio histórico

Denominación	Lugar	Parroquia	Tipoloxía	UTM x	UTM y
Castro de Sante	Sante	Sante (San Xiao)	Castro	650614	4812414
Igrexa Parroquial de San Xiao	Sante	Sante (San Xiao)	Relixiosa	651823	4811947
Capela de S. Antón de Padua	Sante	Sante (San Xiao)	Relixiosa	651276	4812450
Casa con Escudo de Rigoyos	Sante	Sante (San Xiao)	Civil	650052	4812056
Casa con Escudo e Inscricións	Sante	Sante (San Xiao)	Civil	652572	4811369
Casa Reitoral de Sante	Sante	Sante (San Xiao)	Relixiosa	652157	4811687
Casa en A Mota	Sante	Sante (San Xiao)	Casa tradicional	651850	4811848
Muíño da Casa do Río	Sante	Sante (San Xiao)	Muíño	650022	4811784
Muíño no Rego de Trabada	Sante	Sante (San Xiao)	Muriño	650018	4811803
Castro de Trabada	Trabada	Trabada (Santa María)	Castro	646195	4812416
Igrexa Parroquial de Sta. María	Trabada	Trabada (Santa María)	Relixiosa	646239	4812312
Ermida de Santo Estevo	Trabada	Trabada (Santa María)	Relixiosa	644470	4812198
Casa do Muíneiro	Trabada	Trabada (Santa María)	Casa tradicional	646275	4812299
Casa de Indianos	Trabada	Trabada (Santa María)	Civil	646089	4812190
Torre-Pazo de Terrafeita	Trabada	Trabada (Santa María)	Civil	645930	4812518
Casa Modernista	Trabada	Trabada (Santa María)	Civil	646259	4812350
Casa en As Lógaras	Trabada	Trabada (Santa María)	Casa tradicional	645599	4812144

5. ANEXO FOTOGRÁFICO

Tramo: Abres-Trabada



CNCA401001.JPG



CNCA401002.JPG



CNCA401003.JPG



CNCA401004.JPG



CNCA401005.JPG



CNCA401006.JPG



CNCA401007.JPG



CNCA401008.JPG



CNCA401009.JPG



CNCA401010.JPG



CNCA401011.JPG



CNCA401012.JPG



CNCA401013.JPG



CNCA401014.JPG



CNCA401015.JPG



CNCA401016.JPG



CNCA401017.JPG



CNCA401018.JPG



CNCA401019.JPG



CNCA401020.JPG



CNCA401021.JPG



CNCA401022.JPG



CNCA401023.JPG



CNCA401024.JPG



CNCA401025.JPG



CNCA401026.JPG



CNCA401027.JPG



CNCA401028.JPG



CNCA401029.JPG



CNCA401030.JPG



CNCA401031.JPG



CNCA401032.JPG



CNCA401033.JPG



CNCA401034.JPG



CNCA401035.JPG



CNCA401036.JPG



CNCA401037.JPG



CNCA401038.JPG



CNCA401039.JPG



CNCA401040.JPG



CNCA401041.JPG



CNCA401042.JPG



CNCA401043.JPG



CNCA401044.JPG



CNCA401045.JPG



CNCA401046.JPG



CNCA401047.JPG



CNCA401048.JPG



CNCA401049.JPG



CNCA401050.JPG



CNCA401051.JPG



CNCA401052.JPG



CNCA401053.JPG



CNCA401054.JPG



CNCA401055.JPG



CNCA401056.JPG



CNCA401057.JPG



CNCA401058.JPG



CNCA401059.JPG



CNCA401060.JPG



CNCA401061.JPG



CNCA401062.JPG



CNCA401063.JPG



CNCA401064.JPG



CNCA401065.JPG



CNCA401066.JPG



CNCA401067.JPG



CNCA401068.JPG



CNCA401069.JPG



CNCA401070.JPG



CNCA401071.JPG



CNCA401072.JPG



CNCA401073.JPG



CNCA401074.JPG



CNCA401075.JPG



CNCA401076.JPG



CNCA401077.JPG



CNCA401078.JPG



CNCA401079.JPG



CNCA401080.JPG



CNCA401081.JPG



CNCA401082.JPG



CNCA401083.JPG



CNCA401084.JPG



CNCA401085.JPG



CNCA401086.JPG



CNCA401087.JPG



CNCA401088.JPG



CNCA401089.JPG



CNCA401090.JPG



CNCA401091.JPG



CNCA401092.JPG



CNCA401093.JPG



CNCA401094.JPG



CNCA401095.JPG



CNCA401096.JPG



CNCA401097.JPG



CNCA401098.JPG



CNCA401099.JPG



CNCA401100.JPG



CNCA401101.JPG



CNCA401102.JPG

Tramo: Trabada –
Serra da Cadeira



CNCA401103.JPG



CNCA402001.JPG



CNCA402002.JPG



CNCA402003.JPG



CNCA402004.JPG



CNCA403001.JPG



CNCA403002.JPG



CNCA404001.JPG



CNCA404002.JPG



CNCA404003.JPG



CNCA405001.JPG



CNCA405002.JPG



CNCA405003.JPG



CNCA406001.JPG



CNCA406002.JPG



CNCA407001.JPG



CNCA407002.JPG



CNCA407003.JPG



CNCA408001.JPG



CNCA408002.JPG



CNCA408003.JPG



CNCA408004.JPG



CNCA408005.JPG



CNCA409001.JPG



CNCA409002.JPG



CNCA409003.JPG



CNCA410001.JPG



CNCA411001.JPG



CNCA411002.JPG



CNCA411003.JPG



CNCA411004.JPG



CNCA411005.JPG



CNCA411006.JPG



CNCA411007.JPG



CNCA411008.JPG



CNCA411009.JPG



CNCA411010.JPG



CNCA411011.JPG



CNCA411012.JPG



CNCA411013.JPG



CNCA411014.JPG



CNCA411015.JPG



CNCA411016.JPG



CNCA411017.JPG



CNCA411018.JPG



CNCA411019.JPG



CNCA411020.JPG



CNCA411021.JPG



CNCA411022.JPG



CNCA411023.JPG



CNCA411024.JPG



CNCA411025.JPG

6. ANEXO PLANOS